



## Edusolidariedade á mugardesa II

Estimadas familias:

O vindeiro 31 de maio, alumnado, profesorado e ANPAs de **CEIP Santiago Apóstolo**, **CEIP Unión Mugardesa**, **CPR Loyola** e **IES Mugardos**, en colaboración co **Concello de Mugardos**, celebraremos un ano máis "*Edusolidariedade á mugardesa*", o evento **SOLIDARIO** e de **CONVIVENCIA** da nosa comunidade educativa.

O evento terá lugar na zona do Centro de Interpretación Caldoval-IES Mugardos de **10:00/10:30 ata 13:15/13.30** e incluírá as seguintes actividades gratuítas:

1. **CARREIRAS**: non terán carácter competitivo, respectaremos ritmos e velocidades, quen o desexe poderá camiñar. Cada alumno/a recibirá un número de dorsal, unha pulseriña de UNICEF e, á súa chegada a meta, unha mochila que incluírá: auga, leite, mazá e barriña. Nesta xornada de intensa actividade física será importante ter un bo almorzo.
2. **XOGOS E ZUMBA**: teremos zona diferenciadas por idades. Os máis pequenos terán xogos inchables e piñatas.
3. **SORTEO**: cada rapaz/a participará co seu número de dorsal polo que deben mantelo durante todo o evento. Nesta edición a alta participación das empresas permitiranos sortear unha chea de agasallos.

Teremos moi presente a seguridade do noso alumnado con policía local e protección civil na zona acoutada e máis unha ambulancia.

Como xa sabedes cada ano colaboramos cunha ONG escollida pola comunidade educativa con proxectos para a infancia e a xuventude. Este ano a seleccionada foi **UNICEF**, que estará presente o día do evento e facilitaranos unha charla en cada centro no primeiro trimestre do curso 19-20. A proposta é que cada alumno/a deposite nas caixas-urnas, un **sobre pechado e anónimo** coa súa colaboración. É decisión de cada familia facer a achega que considere. **Todo o alumnado terá posibilidade de participar nas actividades, colabore ou non coa ONG.** Ademais do obxectivo solidario temos o compromiso de garantir o obxectivo de convivencia e participación.

**Somos tribo** e facemos todo isto grazas á colaboración do alumnado, profesorado e familias dos centros educativos participantes, do Concello e das seguintes empresas e entidades:

Andrés Balado (La Voz), ANPAs, Arte floral A Mugardesa, As tradicións, Bule Bule Ludoteca, Centro Interpretación Caldoval, Coca Cola, Casino Mugardés, GADIS, Globecientos, Eleno Ferro, El Rincón de Picas, Entre rodas, Fundació Barcelona, Franisa, Globecientos, IES Leixa (Artes Gráficas), La Gua Gua, O Fol, RC Deportivo, Real Madrid, Renfe, Todo Ocio. LEGO, Urban Planet, Metropolis Comic, Monos de mar Surt, Petit and Co, Rei Zentolo, Valdosurf School

NOTA: Podedes seguir o evento polas redes sociais, tanto Facebook coma Twitter (@ES Mugardesa).

**IES de Mugardos**  
**CEIP Unión Mugardesa**  
**CEIP Santiago Apóstolo**  
**PR Loyola**



**Concello de**  
**Mugardos**